

## AMPLIACIÓN DO PRAZO DA VIII EDICIÓN DOS PREMIOS ISABEL ZENDAL DE PROMOCIÓN DO PENSAMENTO CRÍTICO EN EDUCACIÓN SECUNDARIA E BACHARELATO

A Universidade da Coruña, por medio da Unidade de Divulgación Científica e Cultural, e en colaboración co Círculo Escéptico, convocou (data de publicación: 01/12/2025) a VIII edición dos premios ISABEL ZENDAL, concibida como unha actividade de extensión universitaria e coa finalidade de promover o pensamento crítico e a cultura científica ([https://sede.udc.gal/services/electronic\\_board/EXP2025/012798](https://sede.udc.gal/services/electronic_board/EXP2025/012798))

A través deste anuncio **amplíase o prazo de presentación de solicitudes**, que remataba o 23 de abril ás 14:00 h, **ata o 30 de abril de 2026 ás 14:00 h**.

As solicitudes presentaranse preferentemente no Rexistro Electrónico da UDC ([https://sede.udc.gal/services/telematic\\_register](https://sede.udc.gal/services/telematic_register)) con destino a “Servizos” // “Servizo de Extensión Universitaria”, no Rexistro Xeral da Universidade da Coruña (Mestranza, 9, 15001 A Coruña) ou no rexistro auxiliar do campus de Ferrol. Así mesmo, poderán presentarse por calquera dos procedementos previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, e en caso de utilizar estes procedementos deberase enviar o xustificante ao enderezo de correo electrónico [divulgacion.vdcd@udc.gal](mailto:divulgacion.vdcd@udc.gal) antes de que finalice o prazo.

Asinado dixitalmente na Coruña, na data de publicación no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC

M.<sup>a</sup> Cristina Naya Riveiro  
Vicerreitora de Divulgación, Cultura e Deporte